

O novo integrante

Hoxe imos falar sobre unha lenda moi popular dunha vila da Galiza profunda. Aí polo ano 1987 empezou a ocorrer todo. Un día, pola noite na vila todos quedaron abraiados pola luz que desprende o ceo, unha bola pequeniña de lume que caeu ao lado da vila deixando a todos con medo e dúbida de onde caera. Ao día seguinte pola mañá, catro granxeiros foron a investigar a zona do sucedido. Cando xa estaban chegando ao lugar sentiron unha presión como radiativa que lles causaba dores de cabeza, arredor deles había algúns insectos mortos no chan e comezaron a sospeitar bastante. Despois de andar 100 metros máis empezan a ver animais mortos sin ningún resto de sange arredor deles. Ao final chegaron ao sitio do acontecemento e viron un cráter de unha magnitude de 3 casas da vila, achegáronse ao bordo e viron unha bola xigante de metal que botaba fume polas ranuras.

Un granxeiro do grupo que foi a investigación, quixo baixar xunto a esfera e no momento no que a iba tocar desmaíouse, os outros tres granxeiros ao ver iso, correron cara abaixo desesperados polo seu integrante. Pasaron 10 minutos e a cápsula comezou a abrirse lento misteriosamente, cando se abriu os granxeiros asomáronse e viron un bebé dentro e un mensaxe dentro que poñía "Se aquí non pode ser, noutro lugar será". Pasaron 3 meses despois e o neno comezou a desenvolverse dunha maneira asombrosa, prestando niveis de coñecemento moi elevados ao que un ser humano do planeta Terra daría expresado. Co paso do tempo, a chegada do neno comberteuse nun avance tecnolóxico e físico da vila.

Uxío Liñares Cereixo
Sergio Ramón Vieira
David Lis Reboredo